

Expte:55/2024

Asunto: Aprox rural 2024.

ANUNCIO

O día 06/05/2024 ditouse a Resolución da Alcaldía que de seguido se transcribe:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN PEÓN/PEOA FORESTAL AO ABEIRO DO PROGRAMA APROX RURAL 2024.

EXPEDIENTE: 55/2024

ANTECEDENTES

A Orde do 26/12/2023 establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprox Rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17 do 24 de xaneiro de 2024).

O Concello de Moeche presentou ao abeiro desta convocatoria, unha solicitude de subvención ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para o dito Programa Aprox Rural 2024. Achegou unha memoria da obra ou servizo, que describe as necesidades de contratación para o dito programa.

Por Resolución de concesión da subvención de referencia, emitida polo xefe Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con data 19/04/2024, rexistro de entrada núm. 2024-E-RC-561 do 25/04/2024, concédeselle a este concello unha subvención para a contratación dun peón/peoa forestal baixo a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo por un período de 9 meses para a realización das obras/servizos:

- **Limpeza forestal**

Na dita resolución sinala que **a data límite para a formalización da contratación é o día 20/05/2024.**

Considerando a necesidade de aprobar as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a contratación temporal dun peón/peoa forestal durante nove meses ao abeiro da Orde do 26/12/2023.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **Resolvo:**

PRIMEIRO: aprobar as bases, segundo o anexo que se acompaña, e a convocatoria do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso, dun peón/peoa forestal para a obra/servizo “Limpeza forestal”, por un período de nove meses a xornada completa.



SEGUNDO: publicar as bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do concello.

TERCEIRO: consignar o gasto á partida 17013100.

CUARTO: remitir a oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego das Pontes de García Rodríguez.

Moeche, na data da sinatura dixital

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras



ANEXO

“ BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN/PEOA FORESTAL DURANTE NOVE MESES AO ABEIRO DA ORDE DO 26/12/2023 DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE QUE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) PARA O ANO 2024 (DOG núm. 17, do 24/01/2024) PARA A OBRA/SERVIZO “LIMPEZA FORESTAL”

Primeira. Obxecto da convocatoria

O obxecto desta convocatoria é a contratación de persoal laboral temporal, que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade en aplicación da orde do 26/12/2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Número de contratacións 1

Ocupación Peón/peoa forestal

Grupo de cotización 10

Obra/servizo Limpeza forestal

Duración 9 meses a xornada completa

As retribucións conformes coa subvención concedida.

A selección dos traballadores realizarase mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, **segundo o establecido no artigo 14 da orde do 26 de decembro de 2023 e polo sistema de concurso-oposición.**

Período de proba: establécese un período de proba de 15 días para o correcto desenvolvemento das funcións.

Réxime xurídico

A normativa de aplicación vén determinada pola seguinte lexislación:

Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Lei de Emprego, aprobada polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro.



Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Segunda. Modalidade do contrato

A modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

Terceira. Requisitos das persoas aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

- a) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a



sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Requisitos específicos

a) ser persoa desempregada inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

b) ser candidato/a preseleccionado/a e remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a oferta de emprego presentada na oficina do Servizo Público de Emprego das Pontes de García Rodríguez.

c) pertencer aos colectivos de preferencia (segundo o artigo 14 da Orde do 26/12/2023, en todo caso, aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

c.1) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.

c.2) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

c.3) Persoas paradas de longa duración (período mínimo 12 meses)

c.4) Persoas con discapacidade.

c.5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

c.6) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

c.7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

c.8) O menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

d) posuír carné de conducir tipo B.

Os requisitos específicos **a, b e c** son requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras que esixe no art. 14 a propia Orde do 26/12/2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

Cuarta. Forma e prazo de presentación de instancias

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14º da Orde do 26/12/2023, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. Non se requirirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta.



As bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://moeche.sedelectronica.gal/info.0> e na súa páxina web www.moeche.gal

Quinta. Tribunal cualificador

O tribunal cualificador estará constituído por:

Presidente/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais: un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Moeche e na páxina web.

Sexta. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso-oposición debendo o Tribunal valorar os méritos que figuren no currículo vitae que achegue o Servizo Público de Emprego e exclusivamente os relacionados coas tarefas de limpeza forestal.

A) Fase concurso. Valoración de méritos: máximo de 4 puntos



Os méritos que se valorarán serán os que figuren no currículo vitae que achegue o Servizo Público de Emprego e exclusivamente os relacionados coas tarefas para o posto de peón/peoa forestal para a obra/servizo “ Limpeza forestal”

* Cursos **relacionados coa actividade obxecto de contratación** a prestar no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados (máximo 2 puntos). Os cursos que, a xuízo do tribunal, non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

-Cursos de 10 horas a 40 horas: 0,25 puntos.

-Cursos de 41 horas a 75 horas: 0,60 puntos.

-Cursos de 76 horas a 100 horas: 0,80 puntos.

-Cursos de máis de 100 horas: 1,00 puntos.

* **Cursos de motoserrista:**

As/os candidatas/os que teñan o curso de motoserrista realizado a través de empresa homologada valoraranse con 2 puntos.

B) Fase oposición (puntuación máxima 6 puntos)

Consistirá na realización dunha proba práctica de manexo de útiles, ferramentas e maquinaria forestal relacionadas coas funcións do posto de traballo a desenvolver.

O día, hora e lugar de celebración da proba práctica da fase de oposición será publicada na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. Previamente será publicada a lista coa valoración dos méritos da fase de concurso. Quedarán excluídas do proceso aquelas persoas que non se presenten á fase de oposición ou que aleguen algún tipo de impedimento e/ou incompatibilidade previamente.

Sétima. Resolución

A puntuación total das persoas participantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición.

O tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello, e elevara dita relación a Alcaldesa-Presidenta que aprobará a relación de persoas candidatas que superaron a selección.

Oitava. Relación de persoas candidatas, presentación de documentos e nomeamento

Concluídas as probas o Tribunal fará pública a relación de aspirantes ao posto de traballo, coa



puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web, os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes.

Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas de ser o caso, daráselle traslado á Presidenta da Corporación, e precisarase que non poderá superarse o numero de prazas vacantes convocadas.

A persoa aspirante proposta achegaralle á Administración, dentro do prazo establecido de dous (2) días hábiles, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente. Ademais achegarán o certificado de delitos de natureza sexual. Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Novena. Incidencias

O tribunal esta facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Décima. Lista de reserva

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha relación das persoas, en orde descendente de puntuación. Os que formen parte dela poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir prazas similares ou situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia, referentes ao mesmo programa .

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación. No caso de que un aspirante sexa chamado e rexeite a contratación, pasara ao derradeiro lugar da lista.

Undécima. Protección de datos de carácter persoal.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable e o Concello de Moeche, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o

registro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión de postos e elaboración das bolsas de traballo. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Taboleiro de Edictos do Concello e na paxina web municipal, a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesión autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Normas finais

Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto básico do empregado público, Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

Recursos

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldesa-Presidente, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo. Se se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo isto sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro que o/a interesado/a considerase procedente.

Moeche, na data da sinatura dixital

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras

